

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o punto 3º da Resolución da Alcaldía nº 2019-4531 do 20 de decembro de 2019, mediante a que se resolve solicitar ao Solicitar o Servizo Galego de Emprego, con carácter urgente, oferta de emprego para a selección de persoal na categoría de Oficial 1º de Electricidade, facéndose constar o lugar e data de presentación dos candidatos para a entrevista e valoración curricular de xeito incorrecto, dicindo: “convocar aos aspirantes remitidos polo Servizo Galego de Emprego para a entrevista e valoración curricular o día 13 de agosto de 2019, na Residencia de Maiores Santa Ana de Ponteareas, ás 10:00 .../...”, deben por, en realidade:

“**3.-** Convocar aos aspirantes remitidos polo Servizo Galego de Emprego para a entrevista e valoración curricular o **día 13 de xaneiro de 2020, no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas**, ás 10:00 horas, debendo aportar nese acto toda a documentación que desexen sexa valorada.”

Esta Alcaldía en base ás competencias establecidas na Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, onde se establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

RESOLVE

1.-Modificar o punto 3º da Resolución de Alcaldía nº 2019-4531 debendo dicir:

“3.-Convocar aos aspirantes remitidos polo Servizo Galego de Emprego para a entrevista e valoración curricular o día **13 de xaneiro de 2020, no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas, ás 10:00 horas**, debendo aportar nese acto toda a documentación que desexen sexa valorada.”

RECURSO.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

